



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO GALLEGO DE MÉXICO, ASOCIACIÓN CIVIL, MÉXICO D.F. PARA AS OBRAS DE REPARACIÓN DA SÚA SEDE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Fundación España Salud de Venezuela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes para a realización das obras de reparación dos danos causados polo terremoto acaecido en México o 19 de setembro de 2017 nos salóns de eventos e de usos múltiples que posúe o Centro Gallego de México nas instalacións da delegación de Iztapalapa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O Centro Gallego de México é unha entidade sen ánimo de lucro, rexistrada como comunidade galega no Rexistro da Galeguidade, fundada no ano 1948 co fin primordial de vincular a todos os españois, especialmente aos orixinarios de Galicia, e aos seus fillos residentes na República Mexicana; conservar e difundir entre as familias dos mesmos as tradicións de Galicia; procurar por todos os medios ao seu alcance o estreitar





os lazos espirituais entre España e México, e ter por obxecto toda clase de actividades culturais, sociais e deportivas, contando na actualidade con máis de 2000 socios galegos.

Ademais da súa sede social na rúa Colima en Colonia Roma en México D.F, posúe un inmobile destinado a lecer e ocio dos socios na delegación de Iztapalapa onde dispón de diversas instalacións deportivas, tales como campos de fútbol, canchas de tenis, de voleibol, piscinas, etc., aparcamento, así como instalacións destinadas a oficinas e a salóns de eventos e de usos múltiples.

O 19 de setembro de 2017, produciuse en México un terremoto de magnitude 7,1 grados, que causou importantes danos nos estados do centro do país, principalmente en Cidade de México, dada a cercanía do seu epicentro, que afectaron directamente a diversos salóns de eventos e de usos múltiples do Centro Galego, esnaquizando os falsos teitos que impiden a súa utilización, o que repercute negativamente na actividade que presta aos socios.

Esta circunstancia fai preciso realizar urxentemente as obras para a súa reparación, coa finalidade de que poida continuar desenvolvendo as actuación que corresponden de acordo co seu obxecto social.

Para o desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, unha contía de vinte mil euros (20.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C781.0.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





contemplados no Texto da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 20 de marzo de 2018.

